



CONCELLO DE VIGO  
CONTABILIDADE E ORZAMENTOS

Expediente: 76/142

De: Responsable superior contable e Orzamentación

A: Xefatura Área de Servizos Sociais (D. Jesús Torrón)

Asunto: Orzamento 2023

Expediente: 76/142

Co data que figura na sinatura do 15/06/2022, o Sr. Alcalde Presidente, resolveu sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2023, o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 18 e 26 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 168.1.f) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incorporárase un anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se reflicten, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

En consecuencia, solicítase informe ao respecto.

Incorpórase un trámite AUT para que o Sr. Xefe de Área poida incorporar o informe.

En Vigo a data da sinatura electrónica

O Responsable superior contable e orzamentario: Luís García Álvarez

O CONCELEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira  
(Delegación, Resolución Alcaldía de 18 e 26/06/2019, texto consolidado do 04/09/2020)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/06/2022 14:06	Páxina 1 de 1
76-142	CSV: A1AEA3-875B2D-D65ED4-H1HRQT-WL4D9M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		